



RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS DEFINITIVOS DE PERSOAS APTAS E NON APTAS PARA AS PROBAS DO CELGA 1

Nº expediente: PL500C

De acordo co previsto no artigo undécimo da Resolución do 20 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, no ano 2019 (DOG núm. 58 do 25 de marzo de 2019),

RESOLVO:

Publicar na web **www.lingua.gal** os resultados definitivos das probas para a obtención do Certificado de Lingua Galega 1 (Celga 1).

Para facilitar a súa localización publícanse por orde alfabética de apelidos.

Segundo o establecido no artigo 12.3 da devandita Resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura e Turismo, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO: listaxes por localidade.

Mediante este documento notifícaselle aos interesados o contido desta resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019

O secretario xeral de Política Lingüística


Valentín García Gómez